

eu sōn
nós somos
do Porriño.



o noso programa

**en
común.**



**UNIDAS
PODEMOS**



EU SON DO PORRIÑO – SÕN EN COMÚN

PARTICIPACIÓN CIDADÁ: A PORTA ABERTA, DEMOCRATIZACIÓN E TRANSPARENCIA

A **democracia participativa** é a mellor ferramenta para impulsar a limpeza e a ética, para evitar irregularidades contractuais, para impedir o xurdimento da corrupción e, en primeira instancia, para que todas e todos desenvolvamos as nosas capacidades e dereitos para intervir e codecidir nos asuntos públicos do municipio.

A democracia participativa require dunha modificación das estruturas de decisión, así como unha forma de goberno que atravesese toda a vida política municipal. É a ferramenta para crear cidadanía.

Eu Son do Porriño quere facer un Concello democrático, con mecanismos de participación e espazos de decisión da cidadanía, así como previsións de recuperación de servizos públicos non só para o ben da veciñanza, senón tamén para instaurar unha nova forma de xestionar o público a través da xente en oposición a un modelo privatizado e especulativo que sitúa orzamentos e xestión baixo a pouta de empresas privadas.

Poremos en marcha as ferramentas de información á cidadanía sobre todas as decisións e medidas do goberno municipal: orzamentos, gastos, investimentos...

Como? Creando un **Regulamento de Participación Cidadá** que recolla unha **Carta de Dereitos** de veciños e veciñas para garantir a participación e a decisión na xestión dos asuntos do Concello. Dita Carta integrará, cando menos, os seguintes dereitos e sempre dende un enfoque de equidade, solidariedade, cooperación e inclusión social: participación, información, petición, audiencia, iniciativa, queixa e suxestión, intervención, consulta popular e referendo, asociacionismo e cooperativismo, acceso e uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

Crearemos a **Concellería de Participación Cidadá**, a **Asemblea Cidadá** e **Consellos Sectoriais** sobre diferentes políticas locais: educación, sanidade, urbanismo, cultura, mocidade, deporte...

Adoptaremos as medidas necesarias para asegurar o comportamento ético dos cargos públicos: **Código Ético** e mecanismos de control.



EU SON DO PORRIÑO



SANIDADE - SANIDADE PÚBLICA 100%

Seguiremos reclamando a **ampliación do Centro de Saúde** con máis servizos, dotacións e persoal. Servizo de radioloxía e fisioterapia, saúde mental e a solución ao colapso de **Pediatría**. Solicitaremos o traspaso de competencias á Xunta da **UAD** (Unidade de Atención a Drogodependencias). Mellora de dependencias, persoal e servizos. Demandaremos que haxa máis **farmacias de garda** e que non requiran desprazamentos longos, como ocorre ata agora. Elaboración de **plans de saúde municipais**: hábitos saudables, educación sexual, prevención...Incidir na promoción da actividade física e facilitar o uso da bicicleta. Supresión de venda de produtos non saudables en lugares públicos: colexios, centros sociais, instalacións deportivas...Inclusión de cláusulas sociais e de saúde nos contratos (promoción da saúde, desprazamento en transporte público o saudable...) **Control** máis estrito da **contaminación** atmosférica e a vixilancia de ruídos de vibracións, creando unha ferramenta para o control por parte da cidadanía.


EDUCACIÓN

Garantir e reclamar **prazos suficientes** en Centros Públicos, sen necesidade de recorrer aos centros concertados. Garantir e reclamar un **ensino universal, gratuito, igualitario e permanente**. A educación non remata co ensino obrigatorio senón que debe estenderse a todas as idades. **Comedores escolares** en todos os Centros e **todo o ano**. Defensa das **escolas do rural**. Creación e potenciación do **Consello Escolar Municipal**. Desenvolver **plans municipais** de medidas específicas para favorecer o éxito escolar. Potenciar os recursos orientados á **educación en valores** ético-cívicos: dereitos humanos, respecto mutuo e solidariedade, igualdade entre homes e mulleres, medio ambiente, saúde, educación afectivo-sexual, consumo responsable etc. Promover **programas municipais** para mellorar a **convivencia escolar**. Comprometer todo o Concello, entidades sociais, sindicatos, asociacións... onde? na educación **pública**, na calidade do sistema de ensino, nos proxectos de **innovación pedagóxica**, no aumento de recursos, na máxima escolarización nas idades non obrigatorias, na **ampliación de servizos complementarios** nos Centros, no desenvolvemento da oferta do Bacharelato e, sobre todo, da Formación Profesional, na **participación** de nais, pais e do profesorado.

ECONOMÍA E EMPREGO

Poñer en marcha os **orxamentos participativos**. Garantir a transparencia nas contratacións. Creación dun **Rexistro de Empresas Acreditadas** para Contratación Menor co Concello. Priorizar a conformación da **Área Metropolitana** que fará posible a **xestión pública** de Servizos Básicos: recollida de residuos, auga, transporte... Fomento e promoción do comercio de produtos locais baixo a premisa do **consumo de kilómetro 0**. Promocionar a produción e consumo de produtos naturais ecolóxicos e a agricultura ecolóxica. Promover e apoiar iniciativas para o uso de novas enerxías. Potenciar o turismo sostible. Impulsar o **“Banco de Terra”** e a agricultura ecolóxica e cooperativista. Potenciar **Recursos Locais** sobre a base dun **Plan Estratéxico** participativo. Fomentar o pequeno **comercio local** fronte as grandes superficies comerciais. Incentivar o modelo dos mercados produtores fronte ao actual de mercado de intermediarios.





Desenvolver un **Plan de Emprego e Formación** para persoas desempregadas sen subsidio. Iniciativas de asesoramento, para a **creación de tecido produtivo**, sobre todo en forma de cooperativas.

Aprobación dunha Ordenaza que regule a **taxa por utilización privativa** ou aproveitamento especial do **dominio público** local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, auga, gas e hidrocarburos. Clarificar dun xeito definitivo a **situación das canteiras**, as súas obrigas económicas, ambientais, etc.

URBANISMO E VIVENDA

Importa definir a localización de vivendas, actividades produtivas e infraestruturas, usos de solo urbano, proximidade e accesibilidade de bens, servizos e contactos coas demais persoas e protección do medio físico ante a contaminación e a desertización, ademais da protección e conservación do medio biolóxico. A ordenación do territorio é unha **política vertebradora** que inflúe decisivamente no resto de propostas e iniciativas. É preciso cambiar radicalmente o modelo de crecemento urbanístico. Faise necesaria unha **democratización** e lograr que dita actividade teña como **eixo fundamental a cidadanía**, o seu desenvolvemento político (participación) e persoal (educación, cultura, sanidade, traballo...) acción que debe enfocarse sempre dende a **sostibilidade**.

A planificación debe ter un obxectivo: **a convivencia entre persoas**. Debemos impulsar un planeamento urbanístico como función pública ao servizo dos **dereitos da cidadanía** e non como instrumento ao servizo da propiedade privada. Protección do solo non urbanizable en aras de garantir un **medio natural** para goce da xente. Programar espazos cívicos tomando en consideración que favoreza e facilite a participación de toda a cidadanía, sen esquecer á **moidade**, que reclama os “seus espazos”. Creación de **espazos de encontro** social e actividades culturais e festivas: Mercado de Abastos, Praza no Polígono de Torneiros... Aprobación dun **Criterio estético** contra o “feísmo”: uniformidade, edificios inacabados. **Parques infantís**: máis dotacións e modernización. **Integración das Parroquias**, favorecendo así o seu desenvolvemento económico e social. Activalas coma centros de vida social, cultural, política e económica a través de accións urbanísticas planificadas. Non poden seguir ailladas do núcleo urbano. É necesario **conectalas co centro** a través de sendeiros, camiños e rutas que favorezan, ademais, o exercicio físico e o uso da bicicleta

- Convertir o Centro Urbano e os centros das Parroquias en espazos “amables”, humanizados con **prioridade para as persoas**.

- Respecto ao medio ambiente, aos recursos naturais e aos espazos de especial interese ten que ser eixo vertebrador da política urbanística: Gándaras de Budiño (Rede Natura 2000), Faro de Budiño, Castelo, a Risca, paseo do Louro...

- Elaborar e publicar un **censo de vivendas baleiras**.

- Desenvolver un **programa de vivenda solidaria** para poñer en contacto a persoas que viven soas con estudantes que o requiran, a cambio de aloxamento a persoa alugada proporciona compañía e axuda.

- Aplicación superior do IBI ás vivendas desocupadas en mans de entidades financeiras.



DUISÓN



MEDIO AMBIENTE, RECURSOS NATURAIS E BENESTAR ANIMAL

As sucesivas xestións que se fixeron nos planeamentos urbanísticos e no xeito de tratar os espazos naturais alonxaron á natureza das persoas. Temos que revertir esta situación mudando o modelo no tratamento de parques infantís e espazos públicos cun **programa de arborización urbana**. Solución urxente do problema do **lindano**, implicando a todas as administracións e, en especial, á Unión Europea. **Limitar** ou poñer coto ao **tráfico rodado** polo casco urbano. Plan de tratamento do monte e protección **especies autóctonas** e prevención de incendios. Apostar polos **espazos verdes**, que son unha compoñente funcional que mellora a paisaxe urbana e a calidade de vida, ademais de facilitar a recarga de acuíferos, a protección fronte á contaminación e son refuxio para a fauna. No Porriño temos claro exemplo nas lagoas das **Gándaras de Budiño**, que deben gozar de protección máxima. Creación do **Refuxio de Animais**, con xestión conxunta coa Protectora. Ordenanza sobre a posesión e responsabilidade de propietarios/as de animais. Non dar licenzas a espectáculos circenses que utilicen animais. Non se dará publicidade nin se financiará de ningún xeito espectáculos que contemplan maltrato o morte pública dos mesmos. Facilitar a vida cotiá daquelas persoas que teñan animais domésticos, educando na convivencia entre estes e as persoas dun xeito responsable e respectuoso. Promover **campañas de concienciación** da cidadanía sobre o dereito de todo ser vivo a ter un trato digno. **Educar** no coñecemento e respecto ao medio ambiente. Loitar de forma contundente contra a contaminación ambiental, os **ruidos** e os **malos cheiros**, obrigando ás empresas a tomar medidas ao respecto.

BENESTAR SOCIAL E PROTECCIÓN DA CIDADANÍA

Creación da figura do **Mediador/a Social** para atención e asesoramento ás persoas con dificultades para desenvolverse na súa vida cotiá e para que faga de enlace entre Concello e familias. Activación de políticas de **prevención de conflitos sociais**. Declarar ao concello do Porriño '**Concello de Acollida**' de persoas refuxiadas. **Estudo específico** de "situacións de exclusión social" en Torneiros. Centros de día públicos 100%. Creación do **Consello Municipal de Servizos Sociais** como ferramenta de participación. Elaboración dun Plan de **Inclusión Social** e Plan de **Resposta Inmediata** de Emerxencia Social. Posta en marcha dun **Banco de tempo**. Non podemos deixar a **ningunha persoa desprotexida**: o Concello asegurará a atención máxima das persoas fronte a situacións de precariedade económica, dificultades de adaptación para persoas inmigrantes, marxinación etc. Atención especial á **infancia** e ás persoas **maiores**. Artellar un plan integral de atención ás persoas **dependentes**, ofrecendo apoio e formación tanto a profesionais como a particulares, así como **programas 'respiro'** para as persoas coidadoras. Establecer programas de detección precoz de desprotección de menores ou maiores co fin de poder intervir en caso de necesidade. Establecer mecanismos de **mediación veciñal** para a resolución de conflitos de convivencia entre etnias ou culturas. Garantir a **perspectiva de xénero** en todas as actuacións que se planifiquen dende Servizos Sociais. Creación dunha **Oficina de Atención Social** en Torneiros.



DUISÓN



CULTURA

Creación do Consello Municipal da Cultura e elaboración participativa dun **proxecto cultural** á marxe do puro entretenemento ou lecer, fuxindo dos espectadores/as pasivos/as. Impulso da cultura galega e das culturas da inmigración. Carácter transversal e **dotación e recursos humanos suficientes**. Apoio ás asociacións culturais. A cultura coma fonte de emprego e riqueza: **sinal de identidade do Porriño**. Apoio ás/aos artistas do Porriño. Creación da **Escola Municipal de Teatro**. Máis dotación de fondos para a **Biblioteca Municipal** e maior presenza desta na vida cultural do Porriño, ampliación de horarios. **Auditorio multiusos** e lugar de encontro de artistas, ensaio, reunións, exposicións... Fomentar o Camiño, o Festival de Cans, o Pan do Porriño, Antonio Palacios, As Gándaras, o Faro e Castelo. Traballar no coñecemento da historia do Concello, o patrimonio histórico e a Muller. Impulsar a **memoria histórica** e o recoñecemento das vítimas do franquismo. Incorporar as novas tecnoloxías e o software libre e combatir a **fenda dixital**.

DEPORTES

Creación do **Consello do Deporte** con participación de clubs e asociacións...Fomentar e facilitar a práctica do deporte. Potenciar o deporte de base polo seu interese social do seu carácter integrador. Incentivar e facilitar a práctica dos deportes para persoas con discapacidades. Creación de carreiros verdes, recuperando camiños tradicionais para a práctica do sendeirismo, bici... Potenciar a práctica de actividades en grupo e ao aire libre no que poidan participar todos e todas. Estimular e facilitar o uso da bici. Avaliar se a piscina e o pavillón municipal se adaptan ás necesidades actuais. Posibilidade dunha piscina en Torneiros.

FESTAS

Conformar unhas **comisións de festas abertas e plurais**. Converter as festas do noso municipio en **lugares de encontro** para toda a cidadanía e que atraian a veciños e veciñas dos arredores. Favoreceremos actividades culturais e festivas cun carácter que respecte a tradición cultural galega, a nosa gastronomía, música... e tamén as achegas étnicas e culturais da cidadanía inmigrante que convive connosco. Fomentar concertos, animacións de rúa, teatro, exposicións... levadas a cabo por **artistas do noso concello**. Entendemos que non trata de estragar cartos senón a forma de facer as cousas o que achega a xente ás festas: lugares axeitados, actividades para nenos, nenas e maiores, música, exposicións, animacións na rúa, gastronomía... Unhas festas que sexan **Imaxe do Porriño**.



eu s^õn